



## ANUNCIO

Para os efectos previstos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, publícase en extracto a Resolución da Alcaldía do 5 de xaneiro de 2021.

## RESOLUCIÓN

**Asunto:** *Aprobación da concesión definitiva de axudas PEL-REACTIVA: Fondo de Financiación para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña.*

Expediente Convocatoria Subvenciones: 2020/A002/000002

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/000024

## ANTECEDENTES:

No BOP núm. 128 do 12 de agosto de 2020 saíu publicada a Resolución núm. 2020/24109, de data 07 de agosto de 2020, pola que se modifica a resolución de Presidencia núm. 2020/23462, de data 31 de xullo de 2020, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas Pel-Reactiva: Fondo de Financiación para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña.

A Deputación da Coruña puxo en marcha o fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, en adiante Pel- Reactiva, concibido como unha medida extraordinaria para axudar aos concellos a paliar os efectos económicos negativos derivados da pandemia da COVID-19, nas microempresas e persoas traballadoras autónomas.

Mediante Resolución do 29 de setembro de 2020, o concello de Boqueixón solicitou a adhesión desta entidade ó Pel- Reactiva: fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

Mediante Resolución de Presidencia núm. 2020/23462 da Deputación da Coruña aprobase a concesión definitiva da subvención correspondente ó fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL Reactiva, publicada con data do 28 de outubro de 2020). (BOP num. 181).

Con data do 4 de novembro de 2020 (BOP nº 186) publicouse a Resolución de alcaldía que aprobaba a convocatoria de subvencións Pel Reactiva do concello de Boqueixón.

Mediante Resolución de alcaldía nº 1/2021 de data 05 de xaneiro de 2021 aprobouse a concesión provisional de axudas Pel-Reactiva 2020 do Concello de Boqueixón.

Segundo a instrución do procedemento, a documentación acreditativa remitida polos solicitantes foi revisada, valorada e reordenada de acordo co previsto na norma 18 das bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia.

25/01/2021. Informe da Secretaría-Intervención sobre a acreditación do cumprimento dos requisitos polos que outorgan as axudas.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS:

- Normas reguladoras Pel-Reactiva: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña destinado ós concellos de menos de 50.000 habitantes (BOP número 123 do mércores 5 de agosto de 2020.



Concello de Boqueixón



- Resolución núm. 2020/24109, de data 07 de agosto de 2020, pola que se modifica a resolución de Presidencia núm. 2020/23462, de data 31 de xullo de 2020, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas PEL-REACTIVA: Fondo de Financiación para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña. (BOP núm. 128, 12 de agosto de 2020).
- Extracto da Resolución 2020/24338 pola que se aproba a convocatoria da liña de axudas 1.3.- Pel-Reactiva: fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, do Plan de emprego local (PEL 2020). (BOP. núm.132 18 de agosto de 2020).
- Resolución núm. 2020/38771, de data 26 de novembro de 2020, pola que avoca a competencia para modificar as bases reguladoras da convocatoria de axudas Pel-Reactiva: Fondo de Financiación para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña. (BOP núm. 204, 30 de novembro de 2020).
- Resolución núm. 2020/41312, de data 16 de decembro de 2020, pola que se aproba a ampliación do prazo de revisión e concesión das solicitudes recibidas polo concellos adheridos ao Fondo de Financiamento Pel-Reactiva. (BOP núm. 218, 21 de decembro de 2020).
- Resolución de alcaldía nº 1/2021 de data 05 de xaneiro de 2021 pola que se aproba a concesión provisional de axudas Pel-Reactiva 2020 do Concello de Boqueixón.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE n.º 67 do 14 de marzo de 2020), e as súas prórrogas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen Local.
- Lei 38/2003, do 16 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvención e transferencias de Deputación Provincial da Coruña.
- Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea á axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013) (1).
- Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2019, reativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea á axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013) (1).
- Regulamento (UE) nº 1019/316 da Comisión, do 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de



funcionamento da Unión Europea á axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013) (1).

- Regulamento (UE) nº 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea á axudas de mínimos no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L190, do 28 de xuño de 2014) (1).

(1) Deberá terse en conta as comunicacións da Comisión Europea sobre marco Temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote da COVID-19: C/2020/1863, publicada no DOUE C91I do 20/03/2020, e modificacións do 03/04/2020, publicada no DOUE C1121 do 24/04/2020, e do 12/05/2020, publicada no DOUE C 164 do 13/05/2020.

### RESOLUCIÓN:

**PRIMEIRO.** Aprobar a concesión definitiva de axudas Pel Reactiva 2020:

#### CONCEDIDAS:

| SOLICITANTE                                              | NIF/CIF    | AXUDA CONCEDIDA |
|----------------------------------------------------------|------------|-----------------|
| <b>GRUPO I</b>                                           |            |                 |
| FernándezRego, SLU (exp. 2020/A003/000009)               | *****642   | 2.000 €         |
| Lestedo Vía de la Plata, SL (exp. 2020/A003/000025)      | *****833   | 2.000 €         |
| Manuel Matos Franqueiro (exp. 2020/A003/000021)          | *****897*  | 2.000 €         |
| Jesús Fachal Anselmil (exp. 2020/A003/000026)            | *****098*  | 2.500 €         |
| María Jesús Rosende González (exp. 2020/A003/000038)     | *****710*  | 1.500 €         |
| José Benito Fernández Rivera (exp. 2020/A003/000013)     | *****935*  | 2.000 €         |
| Paula Regos Vázquez (exp. 2020/A003/000035)              | *****006*  | 2.500 €         |
| Valles & Patiño SC (exp. 2020/A003/000019)               | *****765   | 1.500 €         |
| Abadía 2017 SC (exp. 2020/A003/000010)                   | *****399   | 1.500 €         |
| Sandra Cortizo Varela (exp. 2020/A003/000029)            | *****075 * | 2.000 €         |
| María del Carmen Carlín Neira (exp. 2020/A003/000034)    | *****140*  | 1.500 €         |
| Anita Millán Casal (exp. 2020/A003/000031)               | *****365*  | 1.500 €         |
| Mª del Carmen Carrillo Torres (exp. 2020/A003/000018)    | *****071*  | 1.500 €         |
| José Juan Fachal García (exp. 2020/A003/000032)          | *****010*  | 1.500 €         |
| Xosé Luís Castro Devesa (exp. 2020/A003/000033)          | *****135*  | 1.500 €         |
| Teresa Fernández Pampín (exp. 2020/A003/000007)          | *****282*  | 1.500 €         |
| Benedicto Quintela Carnota (exp. 2020/A003/000008)       | *****859*  | 1.500 €         |
| Alejandro Couto Cerdeira (exp. 2020/A003/000023)         | *****036*  | 1.500 €         |
| Patricia Calvelo Casal (exp. 2020/A003/000024)           | *****784*  | 1.500 €         |
| <b>GRUPO II</b>                                          |            |                 |
| Arelar Xestión Socioeducativa SL (exp. 2020/A003/000030) | *****945   | 1.500 €         |



**SEGUNDO.** Excluir e non outorgar axudas PEL Reactiva 202 ás solicitudes que se relacionan polos motivos que se indican:

EXCLUÍDAS POR INCUMPRIMENTO DE REQUISITOS:

| SOLICITANTE                                 | NIF/CIF   |
|---------------------------------------------|-----------|
| <b>GRUPO I</b>                              |           |
| Marta Fernández Rey (exp. 2020/A003/000016) | *****223* |
| <b>GRUPO II</b>                             |           |
| Benildes Tejo Nieto (exp. 2020/A003/000037) | *****506* |

EXCLUÍDAS POR NON ACREDITAR DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA:

| SOLICITANTE                                              | NIF/CIF   |
|----------------------------------------------------------|-----------|
| <b>GRUPO I</b>                                           |           |
| Luís Fernando Domínguez Martínez (exp. 2020/A003/000028) | *****314* |
| <b>GRUPO II</b>                                          |           |
| David Rúa Lafuente (exp. 2020/A003/000027)               | *****666* |

Motívase a exclusión das solicitudes segundo o informe da Secretaría-Intervención do 25 de xaneiro de 2021 que consta no expediente.

**TERCEIRO.** Publicar en extracto a presente Resolución na páxina web do concello de Boqueixón, no taboleiro de edictos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica de Boqueixón.

**CUARTO.** A conta xustificativa da axuda outorgada cumprirá as seguintes especificacións:

1. O prazo máximo de xustificación da axuda será o 31 de marzo do 2021.
2. A documentación xustificativa debe presentarse a través da Sede Electrónica municipal <https://sede.boqueixon.com>, no apartado de “subvencións”, “achega de documentación” e “achega de documentación complementaria”.
3. Período subvencionable: dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.
4. Conceptos de gastos subvencionables:

| CONTA | DESCRIPCIÓN DA CONTA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|-------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 601   | <b>Compra de material</b><br>Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| 621   | <b>Arrendamentos e canons</b><br>Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo<br>*O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2.º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking.<br>*O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc. |
| 622   | <b>Reparación e conservación</b><br>Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á COVID-19 (biombos de protección, etc). Gasto directo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |



|     |                                                                                                  |
|-----|--------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 625 | <b>Primas seguros</b><br>Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo |
| 628 | <b>Subministracións</b><br>Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo                 |

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable.

Os/as beneficiarios/as das axudas, para consultar en detalle a compatibilidade das axudas, pago e xustificación da axuda, etc, deberán remitirse á Resolución núm. 2020/24109, de data 07 de agosto de 2020, pola que se modifica a resolución de Presidencia núm. 2020/23462, de data 31 de xullo de 2020, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras das axudas Pel-Reactiva: Fondo de Financiación para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña (BOP núm. 128, do 12 de agosto de 2020).

**QUINTO.** Notificarlle esta resolución ós/ás solicitantes coas indicacións de que a mesma ponlle fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución/acordo un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

**SEXTO.** Dar traslado deste acordo ó secretario-interventor e ó departamento de contabilidade, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Dalmiro Núñez Méndez